



MEMORIA ECONÓMICA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO E O CENTRO DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA E DIVULGACIÓN AMBIENTAL DE GALICIA (CEIDA) PARA A REALIZACIÓN DAS ACTUACIÓNS: CAMPAÑA DE FORMACIÓN, SENSIBILIZACIÓN E DIVULGACIÓN DA REDE NATURA 2000 EN GALICIA, GRUPO DE TRABALLO DAS RESERVAS DA BIOSFERA EN GALICIA, DIVULGACIÓN DA REDE DE PARQUES NATURAIS DE GALICIA, EXPOSICIÓNS ITINERANTES E ASESORAMENTO E DOCUMENTACIÓN DO CENTRO DE DOCUMENTACIÓN AMBIENTAL

A Resolución do 8 de abril de 1991, pola que se fai público o acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, establece que cada convenio irá acompañado dunha memoria en cumprimento do cal redáctase a presente.

O artigo 27.30 do Estatuto de Autonomía de Galicia faculta á Xunta de Galicia para levar a cabo aquelas accións que considere necesarias para a protección, conservación e mellora dos recursos naturais e a adecuada xestión dos espazos naturais, da flora e fauna silvestres, da paisaxe e dos elementos singulares da xea de Galicia que polo seus valores e interese científico, paisaxístico, cultural e histórico requiran unha especial atención.

Ao abeiro do anterior promulgáronse os Reais Decretos 167/1981, do 9 de xaneiro, 1234/1983, do 20 de abril, e 1535/1984, do 20 de xuño, de traspaso de funcións e servizos á comunidade Autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza.

A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio en virtude do Decreto 167/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a súa estrutura orgánica, ten as competencias e funcións en materia de información, educación e formación ambiental así como no fomento de programas e accións de concienciación dos cidadáns para garantir o respecto e a mellora do ambiente.

O Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental (CEIDA) creouse por convenio entre a entón Consellería de Agricultura, Gandería e Montes da Xunta de Galicia, a Universidade da Coruña e o concello de Oleiros, en data 5 de decembro de 1997, orientado a establecer un marco adecuado para a difusión cultural e intercambio científico entre os distintos organismos asinantes do citado convenio, dende a óptica da defensa e promoción do medio ambiente.

O 22 de setembro actualízase o citado convenio a través do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, a Universidade da Coruña e o concello de Oleiros, e indícase que para a súa xestión se crea segundo a súa cláusula terceira un consorcio, de conformidade co establecido no artigo 7 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

O CEIDA ten entre os seus obxectivos fomentar o coñecemento dos valores ambientais, co fin de sensibilizar e xerar unha conciencia favorable á conservación e uso sustentable do medio ambiente, a realización de actividades de cualificación de técnicos en educación ambiental, así como colaborar, dentro do seu ámbito actuación.

Na cláusula segunda do convenio de actualización do CEIDA establécese que este poderá completar as actividades desenvolvidas pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio nas materias de información, formación e educación ambiental.

Ausencia de ánimo de lucro

A achega económica que a Consellería efectúa no ámbito deste convenio non se dirixe a retribuír ao CEIDA senón a posibilitar as accións que se convenian, non existindo, polo tanto, ánimo de lucro do CEIDA.

Así, as actividades obxecto deste convenio desenvolveranse polo CEIDA non a cambio dun prezo certo, senón coa presenza dunha compensación ou concurso financeiro público que se destina a compensar os gastos nos que incorre na realización das actividades.

O convenio de colaboración ten por obxectivo a regulamentación dunha serie de actuacións conxuntas entre as partes, nas que as achegas económicas só cubre o custo de realización das actividades, sen que se aprecie ánimo de lucro ou causa solventi entre as partes. É precisamente, esta característica unha das notas que definen o convenio de colaboración fronte ao contrato. Xa que logo, esta é unha das bases definitorias do convenio de colaboración que a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio ten previsto asinar co CEIDA. Así o convenio establece na cláusula quinta que ditos pagamentos financiarán exclusivamente o custo de realización das actividades obxecto deste convenio, sen que ningunha das partes convenientes obteña lucro ningún. No caso de que a xustificación dos gastos sexa inferior ao importe do convenio, a contribución económica da Consellería diminuírase proporcionalmente, sen que o CEIDA poida obter beneficio algún pola mesma, demostrando deste xeito a ausencia de lucro no presente convenio.

Neste contexto, os convenios de colaboración son os instrumentos xurídicos que permiten dar cobertura formal a unha gran variedade de actuacións que se realizan coa participación de ambas as súas partes que colaboran na co-organización destas dende unha posición de igualdade, nunha relación bilateral.

As notas principais do convenio como medio para instrumentar a colaboración de ambas as dúas partes son as seguintes:

- Ningunha das partes terá interese patrimonial.
- Os intereses perseguidos polas partes son públicas e común
- O beneficiario dos resultados será a comunidade

A fórmula do convenio de colaboración, contemplado no artigo 4.1.c) do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, xustifícase polas competencias concorrentes dos asinantes, favorecendo unha integración harmónica das respectivas actuacións, ponderado e respectando a totalidade dos intereses implicados e quedan excluída a forma contractual, ao tratarse dunha colaboración entre o CEIDA e a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, nunha actuación conxunta.

Natureza xurídica

A relación que se establece entre a Consellería e o CEIDA non se estrutura con base aos dereitos e obrigas que nacen dos contratos bilaterais e onerosos con obrigas conmutativas. Non estamos en presenza dun contrato de servizo e isto é pola existencia dun interese xeral común no desenvolvemento das actividades obxecto do convenio entre ambas as dúas partes.

Neste sentido, cabe dicir que nos atoparíamos ante un contrato administrativo se a administración encargase unhas actuacións concretas ao CEIDA. Pola contra, neste convenio o CEIDA desempeña un papel de intermediario e colaborador na actuación conxunta na que ambas partes teñen interese.



Este convenio de colaboración ten natureza administrativa e considérase incluído no artigo 4.1.c) do texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, polo que queda fora do seu ámbito de aplicación.

Para todo o non previsto neste convenio estarase ao previsto no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e colaboración con particulares, publicado por resolución da consellería de Economía e Facenda, do 8 de abril de 1991 (DOG nº 82, do 30 de abril), na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG nº 30 do 15 de febreiro), no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG nº 149 do 3 de agosto), e demais normativa de aplicación.

Este convenio terá vixencia ata o 15 de novembro de 2016.

As cuestións litixiosas que poidan xurdir na interpretación ou incumprimento das obrigas que se deriven deste convenio de colaboración e que non puidesen ser dirimidas pola Comisión de Seguimento creada ao efecto, quedarán sometidas á xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición.

OBJECTO

Este convenio ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio: Campaña de formación, sensibilización e divulgación da Rede Natura 2000 en Galicia, Grupo de traballo das Reservas da Biosfera en Galicia, divulgación da Rede de Parques Naturais de Galicia, exposicións itinerantes e asesoramento e documentación do Centro de Documentación Ambiental.

As actuacións que se van a levar a cabo neste convenio son:

Campaña de formación, sensibilización e divulgación da Rede Natura 2000 en Galicia: trátase de divulgar a dar a coñecer o Plan Director da Rede Natura de Galicia, necesario para a planificación e xestión dos espazos incluídos na Rede Natura de Galicia.

Grupo de traballo das Reservas da Biosfera en Galicia: o seu obxecto é aumentar e coñecemento dos valores das Reservas.

Divulgación da Rede de Parques Naturais de Galicia: céntrase na posta en valor e a visibilidade dos Parques Naturais de Galicia.

Exposicións itinerantes e asesoramento: ten como obxectivo fomentar o coñecemento dos valores ambientais, co fin de sensibilizar e xerar unha conciencia favorable á conservación e uso sustentable do medio ambiente.

Asesoramento e Documentación do Centro de Documentación Ambiental: Co obxectivo de proporcionar material documental que sirva de apoio ás accións do Convenio, o Centro de Documentación do CEIDA porá a disposición das persoas e entidades participantes un conxunto de publicacións e guías naturalísticas dispoñible.

VALORACIÓN ECONÓMICA

As actuacións contempladas no presente convenio precisas de financiamento específico.

Como compensación económica polos gastos en que o CEIDA incorra con ocasión do desenvolvemento e execución do presente convenio a Consellería de Medio Ambiente e

Ordenación do Territorio, a través do CEIDA co fin de facilitar a execución conxunta das accións aportará durante o prazo de vixencia do convenio a cantidade total de 56.000,00 € (cincuenta e seis mil euros), como achega pola realización das accións e gastos en que incorra a aboar ao CEIDA con cargo á aplicación orzamentaria 07.04.541B.640.2.

Para a realización dos pagos estarase ao seguinte:

A cantidade achegada pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio entregarase ao beneficiario nun único pago, que se realizará previa presentación, por parte do beneficiario, da correspondente factura desagregada por conceptos de gasto, acompañada de seguinte documentación:

- 1.- Unha memoria xustificativa onde se sinalen as actuacións comprometidas e realizadas.
- 2.- Unha memoria onde se relacionen os gastos que se imputan á xustificación, así como unha explicación que aclare, de xeito indubidable, a relación do gasto coa actuación obxecto do presente Convenio.
- 3.- Na xustificación incluíranse os xustificantes dos gastos (facturas) e os xustificantes dos pagos (transferencias bancarias).

Ditos pagamentos financiarán exclusivamente o custo de realización das actividades obxecto deste convenio sen que ningunha das partes convenientes obteña lucro ningún. No caso de que a xustificación dos gastos sexa inferior ao importe do convenio, a contribución económica da Consellería diminuírase proporcionalmente.

Procederá o reintegro, total ou parcial, das cantidades percibidas no suposto de incumprimento das condicións establecidas neste convenio, así como a obriga de facilitar a información que sexa requirida pola Consellería en relación coa xustificación do convenio, e pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control de destino das cantidades.

A achega económica asumida pola Consellería cubrirá os seguintes fitos e custo económico para os traballos a realizar:

CAMPAÑA DE FORMACIÓN, SENSIBILIZACIÓN DA REDE NATURA 2000 EN GALICIA

Concepto	Importe
Coordinación da campaña	6.285,00 €
Deseño do material divulgativo da consulta	1.280,00 €
Edición e impresión do material	1.500,00 €
Divulgación dos materias	985,00 €
TOTAL	10.050,00 €

Exento de IVE de conformidade co apartado 9º punto un do artigo 20 da Lei 37/1992, do 28 de decembro do Imposto do Valor Engadido.



GRUPO DE TRABALLO DAS RESERVAS DA BIOSFERA DE GALICIA

Concepto	Importe
Coordinación do Grupo de Traballo: CEIDA como punto focal das Reservas da Biosfera de Galicia	10.865,00 €
Deseño do material divulgativo das Reservas	2.365,00 €
Elaboración de contidos	2.050,00 €
Divulgación dos materiais dos materiais elaborados	1.970,00 €
TOTAL	17.250,00 €

Exento de IVE de conformidade co apartado 9º punto un do artigo 20 da Lei 37/1992, do 28 de decembro do Imposto do Valor Engadido.

DIVULGACIÓN DA REDE DE PARQUES NATURAIS DE GALICIA

Concepto	Importe
Coordinación, organización e secretaría da xornada	3.225,00 €
Deseño e impresión de materiais	920,00 €
Divulgación da xornada	985,00 €
TOTAL	5.130,00 €

Exento de IVE de conformidade co apartado 9º punto un do artigo 20 da Lei 37/1992, do 28 de decembro do Imposto do Valor Engadido.

EXPOSICIÓNS ITINERANTES

Concepto	Importe
Divulgación a través da páxina web do CEIDA, dos medios de comunicación e das redes sociais	3.550,00 €
Xestión do servizo de préstamo e dos seus formularios	3.800,00 €
Asesoramento didáctico ás entidades solicitantes	3.800,00 €
Deseño e impresión de materiais divulgativos e de apoio ás exposicións	1.930,00 €
TOTAL	13.080,00 €

Exento de IVE de conformidade co apartado 9º punto un do artigo 20 da Lei 37/1992, do 28 de decembro do Imposto do Valor Engadido.

ASESORAMENTO E DOCUMENTACIÓN DO CENTRO DE DOCUMENTACIÓN AMBIENTAL

Concepto	Importe
Asesoramento ás entidades solicitantes	4.190,00 €
Deseño e maquetación da Guía de Recursos Bibliográficos	2.500,00 €
Elaboración de contidos da Guía	2.600,00 €
Divulgación da Guía	1.200,00 €
TOTAL	10.490,00 €

Exento de IVE de conformidade co apartado 9º punto un do artigo 20 da Lei 37/1992, do 28 de decembro do Imposto do Valor Engadido.

A distribución entre conceptos pode variar en función de factores tales como a distribución dos centros educativos inscritos ou a procedencia dos relatores, sen que en ningún momento se poida superar o importe global do convenio.

Santiago de Compostela, 6 de xuño de 2016
A directora xeral de Conservación da Natureza



Ana Mª Díaz López